

CAMPO DE VOLUNTARIADO "O CAMIÑO PORTUGUÉS POLA COSTA" (OIA - PONTEVEDRA)

DATAS	IDADES	ÁMBITO	MODALIDADE	PRAZAS
17 - 28 /08/2022	18-30	Internacional	Cultural	15



LOCALIZACIÓN

O Concello de Oia ten dúas realidades xeográficas ben diferenciadas: a zona alta, que acada os 663 m no Alto da Chan da Lebre. En fronte, a outra realidade, a franxa litoral, unha costa lineal entre A Punta Barbela, na desembocadura do río Miño, e Cabo Silleiro, en Baiona: uns 30 km de costa con poucas posibilidades para desembarcar, pertencentes aos concellos de Baiona, Oia, O Rosal e A Guarda.

Esta breve franxa litoral é camiño natural desde a prehistoria inzado de vestixios arqueolóxicos expresados en forma de arte rupestre, castros, asentamentos romanos, igrexas, mosteiro, fachos... É por aquí por onde transcorre O Camiño Portugués pola Costa: 14 quilómetros polo concello de Oia, cruzado por ríos e regueiros de curso curto e rápido que baixan dos altos tan achegados ao mar.

DESCRIPCIÓN DEL CAMPO DE VOLUNTARIADO

O Camiño Portugués pola Costa acada cada ano un crecemento exponencial de peregrinos que cruzan o río na Guarda e transitan ao longo de 30 km por unha paisaxe irrepitible no resto do camiño a Santiago.

Este campo de voluntariado pretende profundar no coñecemento dos restos arqueolóxicos considerando os coñecidos e prospectando na procura doutros, para catalogar todos os que non o estean, estudar os vestixios etnográficos vivos ou presentes na memoria e na toponimia. Documentar a historia do Mosteiro cunha gran colección en varios arquivos estatais.

Faranse traballos de prospección e inventariado do patrimonio do Camiño portugués pola costa ao seu paso polo Baixo Miño, concretamente pola Serra da Groba. Fotografaranse e xeolocalizaranse estes novos achádegos, para facer as súas correspondentes fichas e modelos 3D.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

- Foliadas
- O Curro de Mougás
- O Mosteiro de Oia
- O Castro da Cabeciña
- A Pedra da Lan, O Río Vilar, A Pedreira
- Visitas a Viana do Castelo, A Guarda, Tui e Valença
- Baiona de Miñor: Castelo, a vila e a ExColexiata

COMO CHEGAR

A maneira máis sinxela de chegar a Oia é a través de Vigo, por estrada ou tren.

Dende Vigo a Oia, unicamente se poderá chegar por estrada coa compañía www.vitrassa.es.





CAMPO DE VOLUNTARIADO "O CAMIÑO PORTUGUÉS POLA COSTA" (OIA - PONTEVEDRA)

ALOXAMENTO E MANUTENCIÓN

Centro Cultural de Viladesuso: Lugar Os Pérez (Oia).

INCORPORACIÓN, PUNTO DE ENCONTRO

Casa do concello de Oia, rúa Vista Alegre, s/n, 36794 Oia, Pontevedra

COTA

CENTO DEZ (**110 €**) euros. As persoas posuidoras do Carné xove, título de familia numerosa ou familia monoparental:

OITENTA E DOUS
EUROS E CINQUENTA
CÉNTIMOS (**82,50 €**).



DEVOLUCIÓN DA COTA

Circunstancias que dan dereito á devolución da cota:

- Anulación da actividade ou non prestación do servizo por causas non imputables á persoa interesada.
- Ingreso hospitalario, causa médica grave ou diagnóstico positivo en Covid 19 que afecte á persoa interesada e lle impida incorporarse ao campo. Deberá acreditarse con informes médicos e/ou do hospital no que estea ingresada, ou coa certificación do resultado da proba da Covid 19.
- Falecemento ou enfermidade grave dun familiar ata o 2º grao. Esta causa debe estar acreditada con informes médicos e/ou do hospital onde estea ingresado o familiar, ou co certificado de defunción, de ser o caso.
- Abandono da actividade por calquera dos motivos recollidos na letra b), sempre e cando non transcorrese máis do 50 % dos días de duración do campo.

EQUIPO ACONSELLABLE

- Útiles de aseo
- Saco de durmir e mochila pequena.
- Zapatos de montaña e calzado deportivo.
- Roupa deportiva, traxe de baño, chancletas, roupa de abrigo, roupa de traballo (guantes, gorro / sombrero...).

DOCUMENTACIÓN

Todas as persoas participantes deberán levar o seu documento de identidade e a tarxeta sanitaria.

SEGURO

Todas as persoas participantes disporán dun seguro que cobre os accidentes que se poidan producir durante a actividade e a responsabilidade civil que deles se poida derivar.

CONTACTOS

Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado:

T. 981 957 115 - camposdetraballo.xuventude@xunta.gal

Servizo de Xuventude e Voluntariado de Vigo:

T. 986 817 079 - campospontevedra.xuventude@xunta.gal

INFORMACIÓN ADICIONAL

xuventude.xunta.es Portal da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Xunta de Galicia con toda a información sobre campos, ocio e tempo libre, actividades, formación...

@xuventudegalicia Redes sociais da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado.